

AGOSTO  
2025



XA ESTAMOS NELA

## ***VEN Á XV FESTA DE Os COTOS***

**O VINDEIRO VENRES DÍA 15 DE AGOSTO**

***ÁS 12:30 AS DEZ PARROQUIAS  
COMPARTIMOS A EUCARISTÍA***

***E LOGO O XANTAR  
QUE CADA QUEN QUEIRA.***

***DESTA VOLTA VAI SER  
NO MERENDEIRO DE SAN ANTONIO EN VERDUCIDO.***

Todos necesitamos ocasións de encontro máis alá das ocupacións que cada quen temos.

Necesitamos lugares nos que desfrutar dunha parolada con veciños e veciñas das outras parroquias, porque somos entre todos unha comunidade na que temos sitio e na que todas as mans son benvidas.

Necesitamos sentir e vivir saboreando o mellor xantar debaixo da sombra duns carballos cheos de historia. Un xantar no que imos da man a natureza e a vida mesma.

**!! Sintámonos convidados !!**



**"Un contiño para vivir"****"A expresión" Conto de Mario Benedetti**


Milton Estomba fora un neno prodixio. Aos sete anos xa tocaba a Sonata Nº 3 Op. 5, de Brahms, e aos once, o unánime aplauso da crítica e do público acompañou a súa serie de concertos nas principais capitais de América e Europa.

Con todo, cando cumpriu os vinte anos, puido notarse unha evidente transformación. Empezara a preocuparse pola «súa expresión». Tiña unha para tocar a Patética, outra para Nenas no xardín, outra para a Polonesa. Antes de cada concerto ensaiaba fronte ao espello, pero o público tomaba esas expresións por espontáneas e acollíaas con ruidosos aplausos.

O primeiro síntoma inquietante apareceu nun recital de sábado. O público advertiu que algo raro pasaba, Estomba tocara a Catedral Mergullada coa expresión da Marcha Turca. Pero a catástrofe sobreveu seis meses máis tarde. Nun lapso de vinte e catro horas, Milton Estomba esqueceuse para sempre de todos os nocturnos, preludios e sonatas que figuraran no seu amplo repertorio. O asombroso, o realmente asombroso, foi que non esquecese ningún dos xestos que acompañaban cada unha das súas interpretacións.

*"Nunca máis puido dar un concerto de piano, pero hai algo que lle serve de consolo.*

*Aínda hoxe, nas noites dos sábados, os amigos máis fieis concorren á súa casa para asistir a un mudo recital das súas «expresións». Benedetti realiza unha crítica a todos os que perden de vista o seu amor ao que fan e déixanse levar pola imaxe".*



HAI QUE BOTAR BEN AS CONTAS E CADRAR TODAS AS SUMAS E RESTAS.

## O SANTO PARA O MES, en agosto, o día 6: SALVADOR

É nome de orixe latina que significa "libertador". Usouse no contexto cristián para referirse a Xesús, o que salvou á humanidade.

Xa o nome de Xesús se utilizou con este significado dado que en hebreo "YESHU" era unha forma abreviada de "Deus é salvación". Así xa os primeiros cristiáns empezaron a usar o adxectivo salvador para referirse ao Mesías.

Na nosa comunidade de Os Cotos temos unha parroquia que ten de patrón ao Divino Salvador: O Divino Salvador de Xunqueiras. Este ano a festa vai ser o sábado día 2 de agosto ás 12'30.

CONSELLO



Espérate o problema como parte inevitable da vida, mantén a cabeza alta, mírao de fronte e dille: "Vou ser máis grande ca ti.

Non podes vencerme".

Despois repite as palabras máis reconfortantes de todas:

"Isto tamén pasará"

Ann Landers

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Día internacional de Conmemoración  
das Vítimas de actos de violencia motivados  
pola Relixión ou as crenzas  
22 de agosto



É o día decretado pola ONU, co obxectivo de condenar a violencia ou o terrorismo contra as persoas polas súas crenzas ou posturas relixiosas.



É un dereito inalienable de todo ser humano poder ter a liberdade de crer, pensar e opinar sobre unha determinada crenza ou relixión.

As persoas gozan do privilexio de expresar de maneira aberta a súa postura relixiosa, sen que por iso sexan vítimas dalgún atropelo ou vulneración dos seus dereitos.

Tamén dicir que resulta enriquecedor e moi positivo o intercambio de ideas e o diálogo respectuoso intercultural e relixioso das distintas nacións do mundo, xa que iso nos leva a acabar coas diferenzas que solo levan ao odio e a violencia entre os seres humanos. Lamentablemente moitas persoas son perseguidas, torturadas e incluso asasinadas.

*Películas para poder facerse unha idea ao que se refire este día:*

*EL PAN DE LA GUERRA* (Película animada que relata a vida dunha moza afgana e a súa familia, vítimas da represión dos talibáns)

*INCH' ALLAH* (plasma o horror do conflito entre Palestina e Israel)

*SILENCIO* (conta a travesía de dous Xesuítas que viaxan a Xapón)

*LA MISIÓN* (conta a vida dun cura que viaxa a Paraguay para transmitir o cristianismo)



## O Papa LEÓN XIV



“Busquemos a forma de sanar as persoas feridas sen fixarnos na súa orixe ou xeito de pensar. Recoñezamos a Cristo no rostro de cada persoa excluída”. “Como homes e mulleres de fe, non podemos vivir illados, ninguén se salva solo. A fe sempre é eclesial, a fe fainos buscar aos demais, a fe fainos irmáns”.

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE AGOSTO

|           |         |                     |                                             |
|-----------|---------|---------------------|---------------------------------------------|
| DÍA<br>3  | LECTURA | Col 3, 1-5. 9-11    | En Cristo dáse o camiño da igualdade        |
|           | EVANXEO | Lc 12, 13-21        | A vida non depende dos bens                 |
| DÍA<br>10 | LECTURA | Heb 11, 1-2. 8-12   | A fe é anticipo do que se espera            |
|           | EVANXEO | Lc 12, 35-40        | Vós, estade preparados                      |
| DÍA<br>17 | LECTURA | Heb 12, 1-4         | Corramos a carreira que temos por diante    |
|           | EVANXEO | Lc 12, 49-53        | Non vin traer paz                           |
| DÍA<br>24 | LECTURA | Is 66, 18-21        | Eu chego para xuntar todos os pobos         |
|           | EVANXEO | Lc 13, 22-30        | Loitade para entrardes pola porta estreita  |
| DÍA<br>31 | LECTURA | Eccl 3, 19-21.30-31 | Faite pequeno diante das grandezas do mundo |
|           | EVANXEO | Lc 14, 1. 7-14      | Fai ben sen esperar nada a cambio           |